

ADMISIÓN DE ALUMNADO E MATRÍCULA PARA O CURSO 2018-2019

1. NORMATIVA REGULADORA DA ADMISIÓN DO ALUMNADO

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro pola que se regula a admisión do alumnado.
- Orde de 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos

2. NÚMERO DE PRAZAS

* Ver documento anexo.

3. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Do 1 ao 20 de marzo

4. NOTA INFORMATIVA

- As solicitudes de admisión, **presentaranse mediante o anexo II a través da aplicación [admisionalumnado](https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado)** (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).
- Tamén se poderán presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción e en calquera dos rexistros establecidos utilizando o formulario normalizado.
- Só se pode presentar unha única solicitude de admisión por alumno.
- O alumnado xa matriculado neste centro ten garantida a permanencia sen necesidade de realizar ningún tipo de xestión. Non obstante, se presenta

solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo á secretaría do C.E.I.P. Viñagrande- Deiro.

- O alumnado que ten reservada praza no centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA O BAREMO

Logo de determinar que o número de solicitudes é superior ao de prazas ofertadas, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión, para achegar a documentación xustificativa dos criterios de baremo.

6. DATA DE PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS, PRESENTACIÓN ACREDITATIVA E FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA.

- PRESENTACIÓN ACREDITATIVA dos criterios alegados para baremación: do 22 de marzo ao 4 de abril (no caso de existir máis demanda que oferta de postos escolares).
- Publicación das LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS: antes do 25 de abril no taboleiro de anuncios.
- RECLAMACIÓNS: 5 días hábiles dende a publicación das listaxes provisionais ante o consello escolar.
- Publicación das LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS neste centro: antes do 15 de maio.
- FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: do 20 ó 30 de xuño.

7. DOCUMENTACIÓN

- Solicitud de admisión (anexo II) *
- Certificado de matrícula, no caso de estar escolarizado noutro centro escolar.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
- Se é o caso, documentación xustificativa da solicitude dunha praza para•
alumnado connecesidades específicas de apoio educativo.

(*) A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

8. ÁREA DE INFLUENCIA E ÁREAS LIMÍTROFES.

- Área de influencia: parroquia de San Miguel de Deiro e os lugares de Pantrigueira e O Terrón da parroquia de Caleiro
- Áreas limítrofes: parroquias de Corbillón, Caleiro e Tremoedo.

9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Transporte escolar gratuíto con coidadoras.
- Actividades extraescolares (organizadas polo Concello e a Anpa).

***ANEXO: NÚMERO DE POSTOS ESCOLARES (CURSO 2018 - 2019)**

NIVEL	MATRICULADOS	VACANTES
4º Ed. Infantil		22 + 3 NEAE *
5º Ed. Infantil	15	10
6º Ed. Infantil	16	9
1º Ed. Primaria	16	6+ 3 NEAE*
2º Ed. Primaria	22	3
3º Ed. Primaria	23	2
4º Ed. Primaria	20	5
5º Ed. Primaria	17	8
6º Ed. Primaria	14	11

(*) En 4º de Educación Infantil e en 1º de Educación Primaria resérvanse 3 postos escolares por unidade para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.